

A INFLUENCIA DAS CANTIGAS DE AMIGO MEDIEVAIS NA LITERATURA GALEGA POSTERIOR

O **neotrobadorismo** foi unha corrente poética xurdida arredor de 1930, en pleno contexto de explosión das vangardas. Poucos anos antes difundírase en Galicia a lírica medieval, da que até a altura non se tiña coñecemento da súa existencia. Esta descuberta favoreceu que moitos autores novos da altura impactados e emocionados se lanzasen a actualizar os temas e formas daquelas cantigas escritas na Idade Media.

A cantiga de amigo foi a que máis lles influíu. Rexorde entón o **tema amoroso, volven os recursos formais e os ambientes naturais** (paisaxes primaverais, fontes, mar, ríos...) dos cancioneros.

Un exemplo diso é o poema de **Álvaro Cunqueiro** recollido no seu libro ***Cantiga nova que se chama riveira*** do ano 1933. Do mesmo xeito que as cantigas este poema non conta con título.

A temática predominante e tamén a amorosa, coa presenza da palabra amigo, mais nela é unha voz masculina a que expresa as súas coitas de amor. Atopamos referencias a elementos naturais e unha linguaxe poética cargada de simbolismo: “pomba dourada”, “aérs de flor recente”, “frauta de verde olivo”, “andar primeiro de río” en referencia á figura feminina desexada e á súa xuventude. Polo que respecta ao emprego de recursos formais atopamos a presenza de refrán con feitura de paralelismo en “Quen puidera namorala/meu amigo”.

Xa nos anos 90, no libro ***viva galicia beibe*** de **Antón Reixa** atopamos o poema **“Contrabando de amigo”** no que se revisita de novo a lírica medieval. Lémbranos á cantiga de Mendinho “Sedia-me eu na ermida de San Simión”. Nos dous atopamos a historia dun amor infeliz contada por unha voz poética feminina que agarda a volta do amado, chamado aquí tamén “amigo”. Tanto na cantiga de Mendinho como no poema de Reixa non volve, mais nesta última a muller toma a decisión de non seguir con este home ao descubrir o engano entre o que lle di (que marcha ao Gran Sol como mariñeiro) e o que realmente fai (é contrabandista). Na cantiga de Mendinho a muller espera e parece

morrer ao final cercada polo mar. Na versión de Reixa ela decide non ficar sentada nin mirar atrás, senón deixalo e enfrontarse ao futuro.

Atopamos así mesmo topónimos referenciais e simbólicos como a illa de San Simón, o Gran Sol, a ponte de Rande e a natureza (o mar, a ría, o sol...) que conviven con elementos da modernidade como os coches ou a planeadora fronte ao barqueiro e o remador.

Canda o tema do desamor conviven aquí unha realidade e a crítica dun problema social, o narcotráfico. Para iso bota man do humor e a retranca. Os xogos de palabras e a linguaxe simbólica tamén teñen lugar neste poema cando di “amor de batea o que ti me vas dar” ou “de batea o teu querer” para representar un amor oculto, sumerxido coma os mexillóns que medran nas bateas.

En canto os recursos formais podemos ver que malia non os empregar propiamente si ten na repetición un mecanismo recorrente.

Deses mesmos anos 90 é o poemario do colectivo **Ronseltz Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados**, que con ironía procuran a desacralización dos clásicos da literatura e atrévense tamén coa lírica medieval. Eles collen a voz poética feminina e póñena en acción, para que antes de desesperar na espera do amigo marche e faga o seu camiño. Noutro poema toman a licenza de mudar a palabra “amigo” por “colega” incluíndo o léxico coloquial na poesía e onde a voz poética no canto de se poñer melindrosa e lamentarse opta por lle cantar as corenta a un suposto amigo traidor.